

ANEXO III

A entidade _____, con CIF nº _____, Representada por (presidente ou secretario) _____

respecto da resolución de subvencións para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica, convocada por Resolución do _____ de 2006, (DOG nº _____, do _____ de 2006) recibiu a notificación da resolución do secretario xeral de Comunicación, adxudicando:

- Para a modalidade A, un importe de _____ €, para a adquisición de equipamento.
- Para a modalidade B, un importe de _____ €, para a creación de páxina web en galego.

Por iso, mediante este escrito, cumpro co trámite previsto no artigo 12 da referida convocatoria ante o secretario xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, manifesto expresamente a ACEPTACIÓN de devandita/s subvención/s, comprometéndome a executar o/s proxecto/s subvencionado/s no prazo e condicións establecidas.

_____, de _____ de 200__

Asdo.: _____

Resolución do 11 de maio de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan subvencións aos concellos para dotación de equipos para o desenvolvemento dos medios de comunicación social municipal e para adquisición de equipamento audiovisual e multimedia.

A Secretaría Xeral de Comunicación, co obxecto de que os concellos adquiren equipos para efectuar radiodifusión de carácter local que lles facilite aos cidadáns uns medios de comunicación que amplíen o marco da pluralidade informativa, vén establecendo con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia unha liña de subvencións con esa finalidade.

Por outra banda, a necesidade de que os concellos poidan aproveitar ao máximo as potencialidades que presenta a incorporación de medios técnicos no eido da comunicación e a información aconsella que se vaian dotando dos instrumentos necesarios para unha maior eficacia no desenvolvemento das súas actividades, neste eido, establecéndose, neste senso, unha liña de subvencións para a adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outros de natureza análoga.

Polo exposto, e no uso das facultades que me atribúe a disposición adicional segunda c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse dúas liñas de subvención, para dotación de equipos para o desenvolvemento dos medios de comunicación municipais (modalidade A) e para adquisición do equipamento audiovisual e multimedia (modalidade B) que permita incorporar nos concellos as vantaxes e potencialidades das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Os obxectivos destas subvencións son, por unha banda, incentivar a iniciativa local para a dotación de estudos e equipamento de sistemas de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia e, por outra, estimular a adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outro de natureza análoga que permita achegar os contidos e servizos de interese social e formativo de carácter local aos cidadáns.

Para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 150.686 euros, que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 04.31.361A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, atribuíndose inicialmente o importe de 90.000 euros para a modalidade A e 60.686 euros para a modalidade B, sen prexuízo da distribución definitiva que resulte das resolucións de adxudicación. O crédito non adxudicado nunha modalidade pode aplicarse na outra, ata acadar o límite total sinalado.

De acordo co artigo 78.8º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sinálase que as subvencións se concederán polo procedemento de rateo do importe global máximo, entre os beneficiarios da subvención, respecto de cada liña convocada.

Na liña A, a aqueles concellos que teñan outorgada concesión definitiva do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, asignaráselles unha cota de 1,5 para o cálculo do rateo.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán optar a estas subvencións os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

-Con respecto ás subvencións de modalidade A), é necesario que os concellos solicitasen ou soliciten a concesión do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.

-Con respecto ás subvencións de modalidade B) é necesario que os concellos xustifiquen a necesidade do equipamento audiovisual e multimedia, presentando un plan de actividades de carácter social, cultural, formativo e de interese xeral para o concello.

Artigo 3º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

As solicitudes de subvención serán formuladas polo presidente do concello solicitante, segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, dirixiranse ao secretario xeral de Comunicación e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou nos das súas delegacións provinciais, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo para a súa presentación será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Coas solicitudes xuntarase a seguinte documentación:

Para a de modalidade A) axudas para dotación de estudos e equipamento de sistemas de radiodi-

fusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia:

a) Memoria descritiva dos investimentos que se van realizar.

b) Orzamento ou valoración económica das actuacións para as que se solicita a subvención.

c) Compromiso de dotación orzamentaria suficiente para o mantemento do servizo.

d) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

Para a de modalidade B) axudas para adquisición de equipamento audiovisual, multimedia e outro de natureza análoga:

a) Memoria detallada así como orzamento desagregado do equipamento para o que se solicita a subvención, con indicación do importe que se solicita como axuda. Exclúense expresamente a adquisición de PC ou portátil.

b) Plan de actividades de carácter social, cultural, formativo e de interese xeral para desenvolver co equipamento para o que se solicita a axuda.

c) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

Estas subvencións serán compatibles coas que poidan conceder outras administracións públicas, sempre que o importe das subvencións concedidas, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, non supere o custo total do investimento que se vai realizar.

En todo caso, ambas as dúas modalidades de axudas desta convocatoria son compatibles entre si, de xeito que a concesión dunha modalidade de axuda a un concello non lle impide ser beneficiario da outra, para o caso de cumprir o sinalado nestas bases.

Artigo 4º.-Tramitación.

Os servizos competentes da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual tramitarán as solicitudes e instrumentarán os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

Artigo 5º.-Proposta, resolución e publicidade.

1. A proposta de resolución formularalla ao secretario xeral de Comunicación, por un órgano colexiado e a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, que é o órgano instructor.

A composición do dito órgano colexiado é a seguinte:

-Presidente: o subdirector xeral de Telecomunicacións e Audiovisual.

-Vogal: a xefa de Servizo de Estudos e Análise de Telecomunicación e Audiovisual.

-Vogal: o xefe de Servizo de Televisión e Radio-difusión.

-Secretario: un xefe de negociado.

2. A resolución do secretario xeral de Comunicación pola que se concedan as subvencións desta convocatoria esgota a vía administrativa.

3. Cando as axudas outorgadas, individualmente consideradas, sexan inferiores a 3.000 euros, a publicidade efectuarase a través do taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral de Comunicación-Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e no taboleiro de anuncios das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cando as axudas outorgadas, individualmente consideradas, sexan iguais ou superiores a 3.000 euros, a publicidade efectuarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Prazo máximo de resolución.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta convocatoria será de tres meses, contados desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria. De non notificarse resolución favorable neste prazo, entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o secretario xeral de Comunicación no prazo dun mes, previo ao recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 7º.-Prazo de aceptación.

Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar por escrito a súa aceptación, comprometéndose a executar a adquisición subvencionada no prazo e nas condicións establecidas nesta convocatoria.

De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais, entenderase que o concello beneficiario renuncia á subvención concedida e procederá, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 8º.-Xustificación do investimento.

Para o libramento da axuda, o concello beneficiario, antes do 31 de outubro de 2006, deberá solicitar o pagamento e presentará ante a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual a xustificación do investimento xuntando o seguinte:

1. Certificación expedida polo secretario da corporación local beneficiaria, que reflecta o acordo aprobatorio do gasto.

2. Declaración complementaria do conxunto de axudas obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público.

3. Certificación expedida pola entidade bancaria onde se deba realizar o pagamento.

Artigo 9º.-Inspección e información.

A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concederon as subvencións.

De igual xeito, o beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 10º.-Obrigas do beneficiario.

1. Os concellos receptores das subvencións quedarán obrigados:

a) A non alterar o destino da subvención.

b) A admitir as inspeccións e control que estableza a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

c) A efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido no artigo 8º, facultándose a dita dirección xeral para determinar o correcto cumprimento desta obriga.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, da subvención percibida e dos xuros de demora correspondentes.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Comunicación Audiovisual para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta resolución de convocatoria.

Segunda.-Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2006.

Juan Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de
Comunicación Audiovisual

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS PARA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL MUNICIPAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR860A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA		NIF
ACTUANDO COMO	CONCELLO	CIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SE SOLICITA: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR.
<input type="checkbox"/> ORZAMENTO OU VALORACIÓN ECONÓMICA DAS ACTUACIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN, CON INDICACIÓN DE CANTIDADE QUE SE PIDE COMO AXUDA.
<input type="checkbox"/> COMPROMISO DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA SUFICIENTE PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 11 de maio de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan subvencións aos concellos para dotación de equipos para o desenvolvemento dos medios de comunicación social municipal e para adquisición de equipamento audiovisual e multimedia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE / /
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Comunicación
 Dirección Xeral de
 Comunicación Audiovisual

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR860B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA		NIF
ACTUANDO COMO	CONCELLO	CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SE SOLICITA: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 3; MODALIDADE B)

MEMORIA DETALLADA ASÍ COMO ORZAMENTO DESAGREGADO DO EQUIPAMENTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.

PLAN DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIAL, CULTURAL, FORMATIVO E DE INTERESE XERAL QUE SE VAI DESENVOLVER CO EQUIPAMENTO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA.

DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 11 de maio de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan subvencións aos concellos para dotación de equipos para o desenvolvemento dos medios de comunicación social municipal e para adquisición de equipamento audiovisual e multimedia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 2006

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECTIBIDO		/ /
		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Secretario xeral de Comunicación

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 78/2006, do 27 de abril, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra Autovía Ferrol-Vilalba. Treito: Cabreiros-Autovía do Cantábrico en Vilalba. Clave LU/00/074.01.

Con data do 2 de maio de 2005 o director xeral de Obras Públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobou o proxecto de construción da obra Autovía Ferrol-Vilalba. Treito: Cabreiros-Autovía do Cantábrico en Vilalba. Clave: LU/00/074.01.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, toda vez que os usuarios poderán utilizar para os seus desprazamentos unha vía con parámetros e características que melloran as súas condicións de circulación.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e sete de abril de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de construción da obra Autovía Ferrol-Vilalba. Treito: Cabreiros-Autovía do Cantábrico en Vilalba. Clave: LU/00/074.01.

Santiago de Compostela o vinte e sete de abril de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2006 a concesión de subvencións a entidades locais para a instalación de marquesiñas como elementos auxiliares do transporte colectivo.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes emprenden diversas accións co fin de fomentar o uso do transporte colectivo de viaxeiros, salientando tanto o fomento do transporte metropolitano no ámbito das principais aglomeracións urbanas, como a implementación de medidas de promoción nos ámbitos comarcais.

Dentro de todo este conxunto de actuacións, a dotación dun mobiliario urbano e, de xeito significativo, de marquesiñas que faciliten o acceso ao transporte colectivo e a información sobre os servizos, constitúen elementos relevantes na promoción do uso do transporte.

Nos ámbitos referidos das sete principais aglomeracións urbanas, e dentro da promoción do transporte metropolitano, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes programou a dotación dun número significativo de elementos dotacionais, cun criterio de homoxeneidade entre eles; igualmente, coa execución das actuacións que esta consellería está a pór en marcha disporase no conxunto da comunidade autónoma dunha rede de intercambiadores, áreas de estacionamento e estacións de autobuses que atenderán á xeneralidade dos núcleos de poboación de Galicia.

Por tanto, as referidas medidas deben ser completadas coa programación de actuacións de reposición e instalación de marquesiñas nos ámbitos territoriais que non se integren nas denominadas áreas de transporte metropolitano.

Considerando tanto as necesidades ás que este mobiliario está chamado a atender, tanto transportes interurbanos coma transporte escolares ou servizos de carácter basicamente municipal; como a tipoloxía do solo e dos núcleos nos que se debe proceder á súa instalación, e xunto coa proximidade da Administración local, estímase que a actuación por parte dos concellos constitúe a mellor alternativa para garantir tanto a elección das mellores localizacións como o seu correcto mantemento posterior.

Para tal fin, esta consellería programou a execución dunha orde de axudas ás administracións locais co fin de colaborar financeiramente na instalación de marquesiñas nos seus respectivos termos municipais.

Por todo iso, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e destinatarios.

1. Constitúe o obxecto desta orde a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva ás entidades locais que o soliciten, para o financia-